



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTEOITO DE XULLO DE DOUS MIL ONCE.

NÚM. 08/2011

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. Javier Jorge Castiñeira.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D. Manuel Pavón López. D^a Mercedes Josefina González Alonso. D^a María Teresa López Rego. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María García Rivera. D. José Ramón Val Alonso. D^a Rosa María Pérez Gradaille. D. Enrique Cotarelo García. D. Jaime Cancio Rodríguez. D^a Ana María López Campoamor. D^a María Ángeles Veiga Varela. D. Xan Carlos González Basanta.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA</u> D. M^a del Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do vinteito de xullo de 2011, baixo a presidencia de D. Javier Jorge Castiñeira, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	--

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE DATAS 11-06-2011 E 13-07-2011.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións celebradas o 11 de xuño e de 13 de xullo de 2011 e que foron oportunamente distribuídas coa convocatoria.

Toma a palabra o Sr. Fernández Manín para manifestar que nas páxinas 2 e 7 da acta da sesión do día 13 de xullo aparece o apelido de Xaime Cancio alterado, debe figurar Xaime Cancio Rodríguez.

O Sr. Cancio manifesta que na páxina 10, no acordo adoptado omitiuse a Comisión Especifica de Seguimento das Obras Portuarias.

A Secretaria manifesta que hai un erro de transcripción na nos nomes dos representantes do PSOE no Colexio nº 1, de maneira que onde pon "Titular: D. José María García Rivera" debe poñer "Titular: Da. Rosa María Pérez Gradaille" e tamén na Asociación Terras de Miranda, de maneira que onde pon:

"Titular: D. José María García Rivera.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Suplente: Da. Rosa María Pérez Gradaille.

Debe poñer:

“Titular: Da. Rosa María Pérez Gradaille.

Suplente: D. Enrique Cotarelo García”.

Non habendo mais intervencións, quedan aprobadas por unanimidade dos membros presentes as actas das citadas sesións coas correccións sinaladas, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- MOCIÓN DE UNIFOZ SOBRE A REGULACIÓN POR LEI DOS SALARIOS DOS ALCALDES.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 21 de xullo de 2011, sobre a moción de UNIFOZ sobre a regulación por lei dos salarios dos alcaldes.

O Sr. Cancio explica que presenta a proposta en sentido construtivo, xa que cada alcalde fíxase o seu salario en función das súas posibilidades políticas, e o seu grupo entende que debe haber uns criterios obxectivos que regulen os salarios.

O Sr. García Rivera recorda que o seu grupo xa dixo na Comisión Informativa a súa opinión, xa que o municipalismo está representado pola FEMP e a FEGAMP e deben ser estes órganos quen traballen neso, e o Concello de Foz está integrado neles. Anuncia que o seu grupo vai votar en contra.

Toma a palabra o Sr. González Basanta para manifestar que se vai abster, e aclara que, aínda que non está en contra, cre que é unha moción oportunista, porque é unha cuestión mais ben de ética política dos cargos políticos, que de legislar sobre os soldos. Di que hai cousas mais importantes que levar ao Parlamento galego que son privilexios, coma o tema das pensións.

O Sr. Alcalde intervén para manifestar que o seu grupo vaise abster porque cre que debe ser o pleno quen regule esas cuestións xa que as situacións son distintas en cada concello. Engade que cre, coma di o Sr. Basanta, que é oportunista, xa que iso xa se debateu no Pleno pasado.

O portavoz de Unifoz aclara que é oportuna, non oportunista, porque xerouse un debate na poboación. Entende que debe estar regulado por lei, aínda que a lei recolle que sexa o Pleno o que decida a lei pódese cambiar. Conclúe dicindo que é unha proposta coherente, construtiva e da unha solución ao tema.

Intervén o Sr. García Rivera para dicir que non lle vai dar voltas a iso.

Toma a palabra o Sr. González Basanta para dicir que non vai xerar debate desa moción oportunista.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo igual, no mesmo senso, cren que a situación política do Pleno e as circunstancias dos membros deben ser os que decidan.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Rematado o debate sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 3 (UNIFOZ).
- Abstencións: 6 (5 PP e 1 BNG).
- Votos en contra: 4 (PSOE).

Non resultando aprobado o seguinte acordo:

Solicitar á Xunta e ao Goberno do Estado que se regulen por lei os salarios dos Alcaldes, así coma a número e contía das adicacións.

3.- MOCIÓN DE UNIFOZ, PSOE E BNG SOBRE SOLICITUDE ÁS ADMINISTRACIÓNS DUN PLAN PARA O EMPREGO.

Pola Secretaría da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 21 de xullo de 2011, relativa á moción de UNIFOZ, PSOE e BNG sobre solicitude ás Administracións dun plan para o emprego.

O Sr. Cancio manifesta que cre que debería figurar na orde do día moción de UNIFOZ. O seu grupo entende que deberían ser as Administracións as que fagan de colchón do emprego, o plan debería ser mais ambicioso do que se plantexa na moción. Continúa dicindo que se trata dun plan oportuno e non oportunista, porque está próximo a vencer ese plan Lugo Emprega e serán 30 familias mais as que estarán en paro, recorda que o seu grupo tamén foi crítico con ese plan, non no fondo, senón en coma se xestionou.

Toma a palabra D. José María García, que recorda que a creación de emprego sempre foi a prioridade do seu grupo e na Comarca o partido que fixo algo polo emprego foi o PSOE, xa que dende o Concello de Foz sentáronse os precedentes co Plan de Emprego, tamén na Deputación co Lugo Emprega e dende o Estado no Plan E creouse emprego. Explica que o seu grupo non ten inconveniente en apoiar esa moción, porque o importante é que a xente traballe, polo que van votar neses plans sempre a favor.

O portavoz do BNG di que votará a favor da moción, aínda que non é a solución ao emprego. Estanse desmantelando sectores produtivos por parte da Unión Europea e o Estado. Continúa dicindo que quen debería fomentar o emprego é a Xunta de Galicia, que é a que ten as competencias, e o Estado; di que as medidas que tomaron non prosperaron, así que deben de cambiar as políticas, sería mellor un plan de creación de emprego estable.

O portavoz do PP manifesta que o seu grupo vai votar a favor, e mais na situación económica que se está a vivir. Os plans deben crear emprego produtivo e duradeiro. A lóxica sería pedir á Deputación a continuación do Lugo Emprega, coma di Unifoz.

Intervén de novo o portavoz de UNIFOZ para insistir en que se antes do 22 de maio eses plans eran esenciais, agora tamén. Di que os plans deberán enfocarse á redución do emprego e destinarse a intereses municipais ou sociais, neso foi no que o seu grupo foi crítico con Plan Lugo Emprega.

O portavoz do PSOE di que o seu grupo é municipalista 100% e sabe cales son as intencións do que se está falando no Pleno, que non é por mirar polas familias, senón que é



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

para fastidiar á Deputación, xa que non hai diferenza entre o plan da Deputación e o de cooperación da Xunta. Pregunta por que non se pide tamén á Xunta a prórroga do Plan de Cooperación e lle di ao Alcalde que se lle gusta mais a proposta de UNIFOZ que apoie a UNIFOZ. Continúa dicindo que piden seriedade, e que é certo que é insuficiente e que hai mellores plans, coma di o portavoz do BNG, pero é o que hai.

O Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo vai votar a favor e cre que o plan Lugo Emprega tiña un carácter moi temporal e debe ter mais duración, efectivamente, todas as Administracións deberán colaborar e o Plan de Cooperación non é especificamente un plan de emprego, pero debería haber plans produtivos, eficaces e duradeiros. Conclúe dicindo que a súa posición é a favor.

A continuación procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Solicitar á Deputación de Lugo, á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado un plan de fomento do emprego para o Concello de Foz.

4.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA E DUN CENTRO DE DÍA EN FOZ.

Pola Secretaría da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 21 de xullo de 2011, sobre a moción do BNG sobre a construción dunha residencia e un centro de día en Foz.

Toma a palabra o portavoz do BNG para explicar a moción e di que ten urxencia para levala ao Parlamento da Xunta, para que nos próximos orzamentos creen unha partida que recolla a construción desa obra. Se sabe que a Foz negóuselle a construción dunha residencia e centros de día por estar á espera dun estudo de viabilidade e a consecuencia é que outros Concellos o teñen e Foz non. Engade que se está falando tamén de postos de traballo.

O Sr. García Rivera di que o seu grupo nese tema está de acordo, como xa dixo na Comisión Informativa.

UNIFOZ a través do seu portavoz expresa que están de acordo, pero que lles gustaría que houbera mais coordinación entre a Xunta e a Deputación.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que están de acordo, nas eleccións era unha parte do programa que todos os grupos compartían e van estar esixindo á Xunta a construción dese centro, que será de 100 prazas, mais o menos, que o haberá que estudar en función das necesidades. Di que será unha forma de crear emprego e están de acordo en fixar uns prazos e abre a man a tódolos partidos. Engade que está de acordo con UNIFOZ, xa que iso correspóndelle á Consellería de Benestar e calquera outro proxecto doutra Administración pode interferir.

O portavoz do BNG expresa que non se sabe nada do estudo e noutras localidades abréñse sen problema, mentres que para Foz hai que facer un estudo, o que é discriminatorio. Chama a atención de que a Foz se lle trate diferente.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O portavoz do PSOE di que acábase de dicir algo grave, que a Deputación vai retrasar a obra, lle di ao Sr. Alcalde que non se preocupe, que se toma o acordo de que a Xunta asuma o proxecto.

O Sr. Alcalde respóndelle que iso o ten absolutamente claro, que quen ten que facer todo iso é a Xunta e a Deputación pode interferir.

Engade o Sr. González Basanta que non se trata de meter á Deputación o importante é que se faga.

Explica o portavoz de UNIFOZ de que meteron á Deputación no asunto porque houbo debate sobre que outra Administración vai facer o proxecto e non hai coordinación. O seu grupo cre que o apoio doutras Administracións é bo, pero deben coordinarse e anuncia que van a apoiar a moción tal e coma está redactada.

Replicalle o Sr. Alcalde ao Sr. García Rivera que se intervén a Deputación pode entorpecer o proxecto, que non diga o que non dixo. Di que ata o momento nin o bipartito nin o PP foron capaces de facelo. Remata a súa intervención pedindo que se deixen de facer políticas e que se busque o mellor para Foz, xa que deben ir os catro grupos xuntos.

A continuación procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza a realizar a construción dunha Residencia de Terceira Idade con capacidade para 100 persoas e dotada de Centro de Día para 50 persoas.

Segundo.- Instar ao Goberno Galego da Xunta de Galiza a incluír unha partida nos Orzamentos autonómicos do 2012 que garanta o inicio das obras nesa anualidade e o seu remate no horizonte do 2014.

Terceiro.- Trasladar estes acordos aos grupos políticos do Parlamento Galego, á Xefatura Territorial de Lugo e á Xunta de Galiza.

5.- APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ESTUDO DE DETALLE DE DETERMINACIÓN DE ALINEACIÓNS DA RÚA DO CEMITERIO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo en sesión celebrada o 21 de xullo de 2011, sobre a aprobación definitiva modificación estudo de detalle de determinación de alineacións da rúa do Cemiterio.

O Sr. Alcalde explica que se trata de un estudo de detalle consecuencia doutro feito no seu momento e que foi anulado. E co asunto trátase de corrixir esa situación e ten informes favorables, técnicos e xurídicos, polo que o seu grupo vai votar a favor, tendo en conta que non causa ningún tipo de prexuízo.

O Sr. García Rivera di que o seu grupo na Comisión Informativa explicou que se trata dun estudo de detalle que non recollía as alifacións orixinarias das normas subsidiarias, debido a que a beirarrúa aquela fíxose cando se construíu o parque, pero que non afecta para nada ás



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

edificacións existentes alí porque teñen un retranqueo suficiente. Causóuselles un prexuízo aos de o fronte e por iso reclamaron. Continúa dicindo que se fan mais beirarrúas mellor, mais calidade de vida, naquela zona hai un parque e non ten mais problema. Recorda que certas persoas nas eleccións foron facer dano ao candidato do PSOE, sacando unha nota de prensa a última hora dicindo que ían tirar todo e indo tamén contra persoas do mesmo partido.

O portavoz de UNIFOZ propón que o asunto quede enriba da mesa porque entende que se debería facer un novo estudo de detalle e non unha modificación, e así o comunica no expediente o Alcalde nun escrito ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de que se vai tramitar un novo estudo de detalle. A sentenza do 22 de xaneiro do ano 2009 e a posterior petición de execución de sentenza do ano 2010 e incluso o informe que fai a xurídica externa do Concello de Foz di que a sentenza anula o estudo do detalle. Se se anula un estudo de detalle e un proxecto de urbanización, ten dúbidas de que non anule tamén o edificio. Pregunta quen vai a levantar as beirarrúas e volver a facelas, se se van deixar alí ou se vai levantar a rúa. O seu grupo ante esa serie de dúbidas e , sobre todo, que a sentenza anula, vai absterse.

O portavoz do BNG expresa que a sentenza ven a darlle a razón ao BNG cando falaba dos estudos de detalle en xeral en solo non consolidado segundo o BNG, dicían que se estaba utilizando o instrumento do estudo de detalle para aumentar, pola porta de atrás, a edificabilidade dos terreos aos que afectaba e agora coma hai unha denuncia anulouse coa sentenza. Explica que o problema de fondo é un mal uso do estudo de detalle no seu momento e a execución forzosa da sentenza, nun dos puntos di que, aparte de anular o estudo de detalle e o proxecto de urbanización da rúa, pide a revisión de oficio de cantos actos administrativos foran ditados ao amparo das determinacións do estudo de detalle anulado, pedindo a revisión de oficio das licenzas de obras maior que se concederon nos terreos incluídos no ámbito do estudo de detalle. Pregunta se coa modificación do estudo de detalle estase cumprindo realmente a sentenza, porque seu grupo cree que non. O Concello de Foz debería tomar as rendas do urbanismo, de unha vez por todas. Anuncia que o seu voto será en contra porque non cre que con iso se estea executando a sentenza.

O Sr. Alcalde expresa que o seu grupo vai votar a favor porque hai uns informes técnicos e xurídicos, que son os que entenden. E dille ao portavoz do BNG que ningún estudo de detalle pode ampliar a edificabilidade dunha parcela.

Toma a palabra o Sr. García Rivera para manifestar que para falar de urbanismo hai que saber de urbanismo. Explica que se fixo un novo estudo de detalle, que é o que se está aprobando, e os informes están aí, polo que o político non vai ir en contra deles, pode facelo, pero iso leva responsabilidades. O Estudo de detalle non da edificabilidade nin a quita, senón que marca as aliñacións. Conclúe dicindo que está clara a cuestión das aliñacións, que é do que fala a sentenza, non de beirarrúas.

O Sr. Alcalde di que van a axilizar o debate.

Replícalle o portavoz de UNIFOZ que o asunto merece o debate. A sentenza anula o proxecto de urbanización e fala de beirarrúas e anula iso, cre que non se axusta á sentenza. Cando alguén di que hai que saber de urbanismo, seguramente todos saben de urbanismo, pero hai alguén que sabe mais que ninguén. Prosegue dicindo que a sentenza non fala de beirarrúas, pero fala de que anula o proxecto de urbanización e creo que tamén son as beirarrúas, que foi o que se lle pediu que urbanizara ao construtor, por iso o seu grupo pensa que se anula iso non debería estar ben feito. Replícalle ao Sr. García Rivera que alí estase aprobando, na orde do día, a modificación. Conclúe dicindo que se trata dun tema importante e



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

seguen mantendo a proposta de que quede enriba da mesa mentres non haxa un informe xurídico que aclare todas estas cuestións.

Intervén o Sr. González Basanta para dicir que entende que iso non é executar a sentenza e se se quere seguir avalando esa política urbanística el o ten claro.

O Sr. Alcalde di que non hai motivo para non aprobalo.

Procédese á votación de que o asunto quede enriba da mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 4 (3 UNIFOZ e 1 BNG).
- Abstencións: ningunha.
- Votos en contra: 9 (5 PP e 4 PSOE).

Non quedando enriba da mesa o asunto procédese á votación do punto da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP e 4 PSOE).
- Abstencións: 3 (UNIFOZ).
- Votos en contra: 1 (BNG).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a modificación do estudo de Detalle de determinación das alineacións da Rúa do Cemiterio de Foz.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Consellería competente en materia de Urbanismo e Ordenación do Territorio adxuntando unha copia dilixenciada do Estudo de Detalle.

Terceiro.- Publicar no Diario Oficial de Galicia a aprobación definitiva do Estudo de Detalle e no Boletín Oficial da Provincia.

6.- MODIFICACIÓN DA BASE 48 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO 2010.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión de Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 21 de xullo de 2011, sobre modificación da base 48 das de execución do orzamento xeral prorrogado 2010.

Toma a palabra o Sr. García Rivera que explica que, aparte do millón de euros que deu a Deputación no plan especial de obras, falárase co Presidente da Deputación e aportouse pola mesma mais diñeiro para facer unha obra na Avda. da Mariña e unha subvención para inverter na ACIA e obras no CENIMA. Di que está claro que non está escrito que teña que ser 7000 € e se se quere que sexa mais polo PSOE non hai ningún problema. Anuncia que o seu grupo vai votar a favor e finaliza a súa intervención dicindo que coma di o refrán a cabalo regalado non se lle mira o dente.

O portavoz de UNIFOZ pide que o asunto quede enriba da mesa porque na proposta



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

de alcaldía hai un parágrafo que o seu grupo non entende e non hai ningún documento que xustifique os 7.000 €.

Intervén o Interventor para aclarar que se trata dun erro, ese parágrafo non é do expediente.

O portavoz do PSOE di que o seu grupo non ten mais que dicir, se está tratando de buscar líos.

Procédese á votación de que o asunto quede enriba da mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 3 (UNIFOZ).
- Abstencións: ningunha.
- Votos en contra: 10 (5 PP, 4 PSOE e 1 BNG).

Non quedando enriba da mesa o asunto procédese á votación do punto da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (5 PP, 4 PSOE e 1 BNG).
- Abstencións: 3 (UNIFOZ).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro. –A modificación da base 48 das de execución do orzamento xeral prorrogado para o exercicio 2011 no relativo á **introdución dunha nova subvención nominativa** a favor da ACIA de Foz con destino á posta en marcha da tarxeta de fidelización do comercio, co seguinte teor:

ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES , INDUSTRIAIS E AUTÓNOMOS DE FOZ	Posta en marcha da tarxeta de fidelización do comercio de Foz	431	489	7.000,00
---	---	-----	-----	----------

Segundo. - O expediente impulsárase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación das bases de execución foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación das bases de execución será publicada no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

A continuación introdúcese por vía de urxencia os seguintes dous puntos:

7.- DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS.

Polo Sr. Alcalde xustifícase a urxencia en que o escrito da Consellería de Traballo e Benestar entrou cando xa estaba convocado o Pleno e hai que mandalo antes de que teña lugar o seguinte pleno ordinario.

A continuación procédese á votación da urxencia, resultando aprobada por unanimidade.

Non habendo intervencións vótase a Proposta de Alcaldía, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro. – Fixar coma días festivos locais para o ano 2010 os seguintes:

- O 16 de xullo de 2012, luns, festividade da Virxe do Carmen.
- O 10 de agosto de 2012, venres, festividade de San Lourenzo.

Segundo. – Dar traslado do presente acordo ao Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

8.- NOMEAMENTO DE MEMBROS REPRESENTANTES DO PROMOTOR NA COMISIÓN PROMOTORA DO PLAN DE PENSÍONS DO CONCELLO DE FOZ.

Polo Sr. Alcalde xustifícase a urxencia en que hai que renovala nun período curto e a petición dos sindicatos.

O Sr. García Rivera pregunta que período curto.

O Sr. Alcalde respóndelle que ata novembro.

Segue preguntando o Sr. Rivera que porque se leva entón de urxencia, xa que iso debe ir á Comisión Informativa.

O Sr. Alcalde respóndelle que porque o dixeron os sindicatos. Di que lle pasan unha nota dicindo que é necesario presentar a composición no mes de outubro.

A continuación procédese á votación da urxencia, resultando aprobada por unanimidade.

Non habendo intervencións vótase a Proposta de Alcaldía, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro. – Nomear coma membros da Comisión Promotora do Plan, en representación do promotor do Plan, a D. Javier Jorge Castiñeira, que actuará de Presidente, e a D. Manuel Pavón López, que actuará coma Secretario.

Segundo. – Dar traslado do presente acordo á Comisión Promotora.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

9.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 11 DE XUÑO AO 18 DE XULLO DE 2011.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 11 de xuño ao 18 de xullo de 2011 e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.

B.- MOCIÓNS.

O PSOE presenta as seguintes dúas mocións:

1) Moción sobre a aula da natureza, visto que a queren dismantelar leva a moción de urxencia na que se solicita á Xunta

Procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 4 (PSOE).
- Abstencións: 1 (BNG).
- Votos en contra: 8 (5 PP e 3 UNIFOZ).

O portavoz de UNIFOZ xustifica o voto en contra do seu grupo en que non cre que sexa un tema de urxencia e porque non teñen información de coma se creou o aula.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo cre que iso é unha consecuencia do mal goberno e malas formas do Sr. Rivera, sen ningunha autorización e a Xunta di que iso non é legal e o Concello vai intentar corrixir as cousas que deixou.

O Sr. Alcalde di que pasan ao seguinte punto.

O Sr. García Rivera pide a palabra por alusións e unha cuestión de orde, en función do artigo 23 da CE, lle pide ao Sr. Alcalde que respete ao seu grupo porque si non vai a ter moitos problemas.

O Sr. Alcalde pregunta se iso é unha ameaza.

Contestándolle o Sr. García Rivera que non, si.

Interrómpelle o Sr. Alcalde para pedir que se é unha ameaza conste en acta.

O Sr. García Rivera reclámalle que non lle interrompa, que non lle deixa explicarse, que respete ao partido socialista e continúa aclarando que non é unha ameaza, e que ten dereito a falar, lle pide que deixe falar porque é un maleducado.

Contéstalle o Sr. Alcalde que non insulte e que está apercebido.

Engade o Sr. García Rivera que debe respetar os tempos e os dereitos.

Respóndelle o Sr. Alcalde que respete el, que el díxolle as cousas educadamente



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. García Rivera dille que educadamente non, que se baixe da burra e se tranquilice e que con el non vai poder, respete a Constitución e a democracia.

O Sr. Alcalde pregúntalle se pide a palabra para dicir iso.

E o Sr. García Rivera contéstalle que exactamente.

2) Moción sobre a sanidade, en base ao escrito presentado pola Comisión Focega pola Sanidade, coa seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Apoiar a reclamación dun servizo de urxencias 24 horas no centro de saúde de Foz.

Segundo.- Solicitar ao Presidente da Xunta e á Consellería de Sanidade a instalación dun servizo de urxencias médicas 24 horas no centro de saúde de Foz á maior brevidade posible.

Terceiro.- Que a Comisión Informativa de Sanidade do Concello de Foz realice un seguimento de este tema.

O Sr. Alcalde manifesta que el entende que se hai unha Comisión Informativa de Sanidade se tratase nela e despois se tratase no Pleno.

Procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (4 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG).
- Abstencións: 5 (PP).
- Votos en contra: ningún.

Intervén o portavoz de UNIFOZ para dicir que deben ser tódolos grupos os que presenten a moción, porque a eles tamén lles deron traslado da moción dende a Comisión Focega.

O portavoz de UNIFOZ expresa que lle gustaría pedir que a proposta fose por unanimidade porque esa xente que está loitando merecese o respecto de tódolos grupos políticos.

Toma a palabra o portavoz do BNG que di que a el tamén pasáronlle o escrito e todos son conscientes do que trata, polo que vai votar a favor.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo vaise abster porque o PP pensa que as necesidades sanitarias en Foz non pasan por un PAC, posto que hai que ter en conta o núcleo e as parroquias, coma Cangas, Nois, Fazouro. Di que deben pensar todos neso.

O Sr. Cancio di que iso non é un tema urxente porque leva anos, pero se eles entenden que debe ir nese Pleno, antes de setembro, o seu grupo vai apoialos e o seu grupo segue considerando que se non se reforma o mapa sanitario iso vai a ser difícil de conseguir. Respecto ás parroquias, di que iso non ten nada que ver con ese tema porque en función de se están mais ou menos lonxe irán a Burela. Pide que se aprobe por unanimidade por un pouco de respecto a esa xente.

Intervén o Sr. González Basanta para dicir que volven ao mesmo, o que quere dicir é que en moitos sitios non miraron o mapa. Pregunta que hai mais urxente que iso, xa que o con que se salve unha vida xa está xustificado. Engade que o das parroquias se se quere solucionar se



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

soluciona.

O Sr. Alcalde di que o tema leva moito tempo enriba da mesa e que ningún goberno da Xunta foi capaz de solucionalo e por algo sería. Tamén o Sr. Rivera dixo que dimitía senón o conseguía. O seu grupo cre que Foz ten un bo servizo sanitario, pero teñen que pedir o que lles corresponde para que llo dean.

Toma a palabra o R. García Rivera, por alusións, e exclama que entón o PP foi o único que fixo algo levando unha ambulancia e o anterior goberno no fixo nada cando ampliou o centro de saúde, puxo a consulta de odontoloxía, a de fisioterapia e recuperación.

O Sr. Alcalde interrompe para dicir que fala con respecto ás urxencias.

Continúa o Sr. García Rivera continúa dicindo que puxeron un médico de trade, un ATS os domingos e resulta que non fixeron nada.

O Sr. González Basanta puntualízalle ao Sr. Alcalde respecto ás alusións que fixo antes a que gobernou o BNG, que o BNG estivo no bipartito catro anos e o mapa sanitario instalouno o PP. Pregunta por que a Foz non.

O Sr. Alcalde replícalle que catro anos é tempo suficiente para aprobalo.

O portavoz de UNIFOZ manifesta que hai que modificar o mapa sanitario antes e que se trata dun tema que se ven arrastrando, pero a calidade política é cero, e a proposta, que non é lesiva para ningún partido, deberíase aprobar. Insiste en que sen a reforma do mapa sanitario non é posible.

Procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (4 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG).
- Abstencións: 5 (PP).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Apoiar a reclamación dun servizo de urxencias 24 horas no centro de saúde de Foz.

Segundo.- Solicitar ao Presidente da Xunta e á Consellería de Sanidade a instalación dun servizo de urxencias médicas 24 horas no centro de saúde de Foz á maior brevidade posible.

Terceiro.- Que a Comisión Informativa de Sanidade do Concello de Foz realice un seguimento de este tema.

Toma a palabra UNIFOZ para pedirlle ao Sr. Alcalde que se fagan efectivas e se cumpran tódalas resolucións de alcaldía do punto anterior, se fose posible. Pregunta por qué non se levaron a pleno dúas mocións que presentaran no rexistro de entrada con data 4 de xullo, a primeira moción para que se convoque de maneira urxente o Consello Escolar Municipal, xa que el segue pensando que é un órgano que está paralizado e que si que existe, que leva anos sen convocarse.

O Sr. Alcalde dille que iso xa estaba contestado nas Comisións.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

A Secretaria manifesta que cada centro ten o seu Consello Escolar e que en calquera caso no vixente mandato non se creou esa Comisión.

O Sr. Alcalde dille que non procede.

Continúa o portavoz de UNIFOZ dicindo que a segunda moción era sobre a regulación dos espazos públicos municipais colindantes coa praia da Rapadoira, visto o que pasou coa colocación dos carteis e que a xente o segue usando igual.

A Secretaria manifesta que di que xuridicamente ten que facerse a través da aprobación dun regulamento e non dunha moción.

Engade o Sr. Cancio que entón que o sentido da moción é que se elabore o regulamento.

Insiste a Secretaria en que se trata dun rogo, non dunha moción, porque existen unhas competencias do Pleno que se regulan na lei, se se trouxera a través da moción o regulamento si sería unha moción.

O Sr. Cancio respóndelle que xa lle dirá se é xuridicamente ou non cun informe xurídico externo, pero cre que é bo que a Corporación municipal debata sobre ese tema.

O Sr. Alcalde dille que faga un rogo sobre ese tema.

O Sr. Cancio pide que conste en acta que segundo información da Secretaria non se pode tratar esa moción.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

O PSOE, a través do seu portavoz, pregunta cantos rogos e cantas preguntas.

O Sr. Alcalde di que tres e tres.

O PSOE realiza os seguintes rogos:

1) O seu grupo quere que non se minta á poboación o que se dixo de que costas limpaba praias e o anterior goberno non planificaba. Hai que dar unha imaxe da política clara, que non se minta á poboación.

2) Que se trate aos traballadores municipais coma se merecen, xa que ten diversas informacións.

O Sr. Alcalde interrompe ao Sr. Rivera e dille que faga rogos pero que non diga mentiras.

O Sr. Rivera recórdalle que está no seu turno de intervencións, e que volve a interrompelo.

O Sr. Alcalde en ton crispado dille que non diga falsidades e que se está referindo ao actual goberno.

Insiste o Sr. Rivera en que lle deixe intervenir.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde dille que está facendo unhas acusacións das que non estaba presente.

O Sr. Rivera pide que conste en acta que vai dicir o que lle dea a gana coma grupo político e o Alcalde non é quen para dicirlle o que ten que dicir. Exclama que se a ver se é unha ditadura. Pide que lle deixe falar.

3) Que se revise polos técnicos municipais do estado en que se encontra o municipio de Foz, xa que da pena ver o estado en que se encontra o municipio.

O Sr. Alcalde dille ao Sr. Rivera que son os empregados que el contratou e que el planificou, polo tanto que non vaia con chuminadas.

O portavoz de UNIFOZ pídelle ao Sr. Alcalde que non faga tanta política continuista co anterior goberno porque non ten por que poñer tres rogos, xa que o seu grupo leva seis e os seis constructivos:

- 1) Que se faga un aparcamento de minusválidos.
- 2) Que se repoñan as duchas da praia da Rapadoira.

O Sr. Alcalde respóndelle que están cambiadas.

3) Que se elabore un plan de limpeza viaria porque hai que traballar e mellorar ese servizo porque igual non está funcionando ben.

O portavoz do BNG realiza o seguinte rogo:

1) Que se mire a limpeza de praias, porque hai algunha que se lle nota bastante deficiencia, coma a de Llas porque hai un colchón de espuma que leva alí todo o mes.

PREGUNTAS:

O PSOE realiza as seguintes preguntas:

1) ¿Que sabe o goberno municipal da eliminación do médico de tarde de urxencias no Centro de Saúde?

O Sr. Alcalde di que, de momento, non teñen ningunha constancia por parte de ningunha Administración.

2) Da pena ver coma está esa zona onde non se pode pisar o céspede, incluso hai coches de bombeiros que van alí a regar, e se puxeron os carteis de “prohibido pisar o céspede” nas áreas verdes da Rapadoira e non en Tupide por exemplo ¿eses terreos onde vostede está prohibindo son municipais? E se son municipais ¿hai algunha ordenanza que regule

Contéstalle o Sr. Alcalde que esa é a terceira pregunta.

O Sr. García Rivera dille que é unha porque están relacionadas.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Insiste o Sr. Alcalde que entón é a terceira pregunta.

O portavoz do PSOE dille que non que cal quere que elimine.

Ao que sigue dicindo o Sr. Alcalde que el non quere nada.

Reformula a pregunta o Sr. García Rivera: ¿eses terreos onde vostede está prohibindo son municipais?

O Sr. Alcalde di que responde que non.

O Sr. García Rivera pide que conste en acta, que a ver por que puxo entón os carteis.

3) Hai moitas peticións dos cidadáns de onde está brigada de parroquias, ¿creouse o non se creou?

O Sr. Alcalde di que non está creada, pero levan trinta días de goberno e están itentando solucionar os problemas que deixou o anterior.

UNIFOZ realiza as seguintes preguntas:

1) ¿Que pensa facer o equipo de goberno ante a petición do Instituto de Foz con respecto ao acceso dos autobuses?

Respóndelle o Sr. Alcalde que a semana pasada estiveron o Conselleiro e a Delegada Territorial e o Xefe Territorial de Educación, Ramos Ledo, e se estivo dando un repaso e se está a falar dunha obra maior, dun recheo duns vinte centímetros, na Avda. de Vilaxoane e quere ver iso cos técnicos municipais para valorar a viabilidade técnica e económica diso e o prazo, xa que pode haber outro tipo de solucións.

2) ¿Se vai aportar algunha solución antes do in do curso?

Respóndelle o Sr. Alcalde que si, que igual non pasa por esa solución.

3) ¿Que pensa facer o equipo de goberno respecto á sentenza de contaminación acústica da rúa Rego de Foz?

O Sr. Alcalde di que se levarán a cabo as medidas que fixou o xulgado e procederase a citar aos propietarios.

4) ¿Fixo algunha xestión para iniciar as obras e se vai a haber variacións tras o Presidente de Portos?

O Sr. Alcalde di que non vai sufrir variacións e ten pedida unha cita co Presidente de Portos, a proposta segue sendo a mesma.

O BNG realiza a seguinte pregunta:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1) ¿O Concello recibiu un requirimento do Consorcio do pagamento dos servizos sufragados polo Concello?

O Sr. Alcalde di que non ten constancia dese requirimento, que ao día seguinte respóndelle se está ou non.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 35 minutos do vinteito de xullo de 2011, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: Javier Jorge Castiñeira.

